




**Datos do Expediente:**

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - AFC	
Número expediente:	Documento:
 CON/2025/1	 CON19I00CE
 1S6V 040P 013D 6K38 1BSF	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O xefe do Servizo de Contratación, en data 31 de xaneiro de 2025, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

“A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo máis do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), prevé, no seu artigo 28.4, a obriga de publicar un anuncio de información previa no que se recollan os contratos, como mínimo os suxeitos a regulación harmonizada, que se desenvolverán no exercicio orzamentario ou períodos plurianuais.

Con este plan anual de contratación preténdese, entre outros aspectos:

- Combater a falla de planificación na contratación pública; singularmente na esfera local, que provoca que o funcionamento normal dos servizos dependentes dos órganos de contratación se produza a demanda dos servizos promotores dunha determinada actuación que supoña a preparación e adxudicación dun contrato.
- Coñecer de antemán os picos de acumulación de procedementos no Servizo de Contratación, que permita organizar debidamente o traballo do servizo e mesmo planificar as quendas de vacacións ou as necesidades de novo persoal.
- Dar a coñecer as necesidades ás posibles empresas interesadas, coa suficiente antelación como para estudar e preparar as súas ofertas, redundando nunha maior transparencia e concorrencia, principios reitores da contratación pública.

Este Plan é un documento programático; recollendo información das distintas contratacións, se ben sen carácter vinculante. Trátase dun instrumento dinámico, suxeito ás modificacións e situacións conxunturais propias da actividade municipal.

Debe significarse, así mesmo, que na elaboración deste Plan se tiveron en conta os datos remitidos deste os distintos servizos, excluíndose o “Padroado de Cultura”, por ser un Organismo Autónomo cos seus propios órganos de contratación, así como os contratos menores e os que se prevé sexan tramitados mediante o procedemento negociado sen publicidade.

Así mesmo, permanecen sen cumprimentarse certos datos (sinalados con interrogantes), cando tales datos son descoñecidos polo propio servizo promotor no momento de remitir a información.



En canto á orde seguida, estableceuse por mensualidades nas que se prevé se aprobará o expediente e se convocará a correspondente licitación, o que facilita a organización do traballo para este Servizo e a planificación das empresas interesadas.

Polo anteriormente exposto e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva á Alcaldía a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar o Plan anual de Contratación do Concello de Narón para o exercicio 2025, que se recolle como anexo.

SEGUNDO: Publicar este Plan no Portal de Transparencia do Concello de Narón e máis no Perfil do Contratante.

TERCEIRO: Dar conta deste Plan aos distintos servizos municipais, para ser tido en conta na elaboración da preceptiva documentación que ha constar no expediente de contratación.”

Visto este informe-proposta, e en uso das competencias atribuídas pola D. A. 2ª da LCSP, esta alcaldía-presidencia

RESOLVE

PRIMEIRO: Aprobar o Plan anual de Contratación do Concello de Narón para o exercicio 2025, que se recolle como anexo.

SEGUNDO: Publicar este Plan no Portal de Transparencia do Concello de Narón e máis no Perfil do Contratante.

TERCEIRO: Dar conta deste Plan aos distintos servizos municipais, para ser tido en conta na elaboración da preceptiva documentación que ha constar no expediente de contratación.

***Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)***



ANEXO: PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN 2025

FEBREIRO									
SERVIZO RESPONSABLE	TIPO DE CONTRATO	OBXECTO DO CONTRATO	LOTES	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	VALOR ESTIMADO	DATA ESTIMADA INICIO EXECUCIÓN	PRAZO EXECUCIÓN / DURACIÓN	PREVISIÓN PRÓRROGA	CPV
SERVIZOS EXTERNOS	SERVIZO	Limpeza de interiores en edificios e escolas municipais	NON	2.161.901,00 €	4.466.737,60 €	Xuño 2025	2 anos	SI (3 anos)	90910000-9 Servizos de limpeza 90919000-2 Servizos de limpeza de oficinas, escolas e equipo de oficina
SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO	SERVIZO	Organización, xestión e execución do campamento Conciliaescola	NON	123.999,44 €	225.453,52 €	Maio 2025	2 anos	SI (2 anos)	80000000-4 Servizos de ensinanza e formación 80410000-1 Servizos escolares diversos 85312110-3 Servizos de coidado diurno para nenos 92000000-1 Servizos de espaxemento cultural e deportivos 92331210-5 Servizos de animación para nenos 98000000-3 Outros servizos comunitarios, sociais ou persoais
SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO	SERVIZO	Desenvolvemento de actividades dentro do programa municipal de mocidade (Casa aberta)	NON	96.000,00 €	174.545,45 €	Maio 2025	2 anos	SI (2 anos)	98000000-3 Outros servizos comunitarios, sociais ou persoais.
CONTRATACIÓN	OBRA	Acondicionamento do Local Social da Gándara	NON	166.589,61 €	137.677,36 €	Maio 2025	3 meses	NON	45212000-6 Traballos de construción de edificios relacionados co ocio, os deportes, a cultura e o aloxamento e restaurantes
SERVIZOS EXTERNOS	SUBMINISTRACIÓN	Subministración de material eléctrico para o Concello de Narón	NON	164.000,00 €	135.537,19 €	Abril 2025	4 anos	NON	31000000-6 Máquinas, aparatos, equipo e produtos consumibles eléctricos; iluminación
TESOURERÍA	PRIVADO	Acordo marco para a selección de varias entidades financeiras que presten os servizos vinculados á xestión recadatoria e o servizo de cobros e pagos en contas operativas	SI	¿?	¿?	Abril 2025	2 anos	SI (¿?)	66110000-4 Servizos bancarios
ALCALDÍA	CONCESIÓN DE SERVIZOS	Xestión da cafetería da Casa do Concello	NON	- €	¿?	Abril 2025	5 anos	NON	55330000-2 Servizos de cafetería
SERVIZOS DIXITAIS	SERVIZO	Implantación e mantemento dunha plataforma de participación cidadá	NON	87.120,00 €	72.000,00 €	Abril 2025	4 anos	NON	30211300-4 Plataformas informáticas 48800000-6 Sistemas e servidores de información
PATRIMONIO - ORGANIZACIÓN E RRHH	PRIVADO	Arrendamento dun inmoble destinado a ludoteca municipal	NON	48.932,14 €	40.440,00 €	Abril 2025	5 anos	NON	70310000-7 Servizos de aluguer o venda de edificios
SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO	SERVIZO	Servizo de desenvolvemento dunha acción formativa de electricidade fotovoltaica no sector eléctrico	NON	25.480,00 €	25.480,00 €	Maio 2025	4 meses	NON	80530000-8 Servizos de formación profesional
SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO	SERVIZO	Servizo de desenvolvemento dunha acción formativa de pintura de edificios, no sector da construción	NON	25.480,00 €	25.480,00 €	Maio 2025	4 meses	NON	80530000-8 Servizos de formación profesional



CONCELLO DE NARÓN

FIRSIINT_AYT

MARZO									
SERVIZO RESPONSABLE	TIPO DE CONTRATO	OBXECTO DO CONTRATO	LOTES	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	VALOR ESTIMADO	DATA ESTIMADA INICIO EXECUCIÓN	PRAZO EXECUCIÓN / DURACIÓN	PREVISIÓN PRÓRROGA	CPV
SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO	SERVIZO	Servizo de Axuda no Fogar	NON	7.392.439,40 €	7.108.114,81 €	Xullo 2025	2 anos	NON	85310000-5 Servizos de asistencia social
SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO	SERVIZO	Xestión, organización, funcionamento e dinamización dos centros comunitarios Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros do Concello de Narón-Centro de Día	NON	1.574.384,30 €	1.301.144,05 €	Xullo 2025	5 anos	NON	75200000-8 Prestación de servizos para a comunidade 85312100-0 Servizos de centros de día 85311100-3 Servizos de benestar social proporcionados a ancianos 85311200-4 Servizos de benestar social proporcionados a minusválidos
CONTRATACIÓN	OBRA	Conexión Peonil do Río Inxerto e a Avenida de Santa Iclia	NON	684.219,97 €	565.471,05 €	Xullo 2025	6 meses	NON	45233200-1 Traballos diversos de pavimentación 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas 45233262-3 Traballos de construción de zonas peonís
SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO	SERVIZO	Deseño, xestión, coordinación e impartición de obradoiros de apoio educativo durante o curso escolar	NON	135.327,06 €	246.049,20 €	Setembro 2025	2 anos	SI (2 anos)	80000000-4 Servizos de ensinanza e formación 98000000-3 Outros servizos comunitarios, sociais ou persoais
SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO	SERVIZO	Desenvolvemento do programa de apoio para a inclusión social das mulleres do Concello de Narón, en materia de igualdade	NON	99.116,16 €	180.211,20 €	Setembro 2025	2 anos	SI (2 anos)	80400000-8 Servizos de ensinanza para adultos e outros servizos de ensinanza 80000000-4 Servizos de ensinanza e formación 98000000-3 Outros servizos comunitarios, sociais ou persoais
PLANIFICACIÓN LOCAL	SERVIZO	Posta en funcionamento da Oficina de Transformación Comunicaria do Concello de Narón	NON	69.939,38 €	122.827,42 €	Maio 2025	8 meses	SI (9 meses)	71314200-4 Servizos de xestión de enerxía 71314300-5: Servizos de consultoría en rendemento enerxético
SERVIZOS EXTERNOS	SERVIZO	Mantemento dos grupos de semáforos e de sinais luminosas de tráfico	NON	110.000,00 €	90.909,09 €	Xuño 2025	4 anos	NON	50232000-0 Servizos de mantemento de instalacións de alumeadado público e semáforos
SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO	SERVIZO	Coeducación e prevención da violencia machista de apoio escolar	NON	35.860,00 €	65.200,00 €	Setembro 2025	2 anos	SI (2 anos)	80000000-4 Servizos de ensinanza e formación 98000000-3 Outros servizos comunitarios, sociais ou persoais
SPEIS	SUBMINISTRACIÓN	Subministración dun vehículo de rescate múltiple (V.R.M.)	NON	55.100,00 €	45.537,19 €	Xuño 2025	2 meses	NON	34100000-8 Vehículos a motor



CONCELLO DE NARÓN

FIRSIINT_AYT

ABRIL									
SERVIZO RESPONSABLE	TIPO DE CONTRATO	OBXECTO DO CONTRATO	LOTES	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	VALOR ESTIMADO	DATA ESTIMADA INICIO EXECUCIÓN	PRAZO EXECUCIÓN / DURACIÓN	PREVISIÓN PRÓRROGA	CPV
CONTRATACIÓN	OBRA	Reforzo de rodadura en camiños da Bazón, Borreiros, Borrallada, Redondo, Camiño das Murallas e outros	NON	426.666,47 €	352.616,92 €	Xullo 2025	4 meses	NON	45233223-8 Traballos de repavimentación de calzadas
CONTRATACIÓN	OBRA	Repavimentación con aglomerado en camiños de Cerdeiras, Capilla da O, Ruxida, Río Seco, Carballal e Lodairo	NON	226.062,33 €	186.828,37 €	Xullo 2025	4 meses	NON	45233223-8 Traballos de repavimentación de calzadas
CONTRATACIÓN	OBRA	Reposición de pavimento asfáltico en camiños de Pedregal, Villallonte, A Chousa, Vilares, Calliqueira e outros	NON	189.121,39 €	156.298,67 €	Xullo 2025	3 meses	NON	45233223-8 Traballos de repavimentación de calzadas
POLICÍA LOCAL	SERVIZO	Traballos de pintado da sinalización horizontal nas vías de titularidade municipal	NON	79.997,94 €	132.228,00 €	Xullo 2025	2 anos	SI (2 anos)	50232200-2 Servizo de mantemento de sinais de tráfico 44811000-8 Pintura para sinalización de estradas 45233221-4 Traballos de pintura da superficie da calzada
CONTRATACIÓN	OBRA	Reparación asfáltica en camiños de Ferrerías, Corredoira, Rúa San Pedro e Rúa de Soria	NON	111.227,31 €	91.923,40 €	Xullo 2025	3 meses	NON	45233223-8 Traballos de repavimentación de calzadas
ORGANIZACIÓN E RRHH	SUBMINISTRACIÓN	Subministro de auga mineral para os departamentos de Policía e Servizos Externos	NON	3.388,00 €	5.600,00 €	Xuño 2025	2 anos	SI (2 anos)	15981100-9 Auga mineral sen gas

MAIO									
SERVIZO RESPONSABLE	TIPO DE CONTRATO	OBXECTO DO CONTRATO	LOTES	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	VALOR ESTIMADO	DATA ESTIMADA INICIO EXECUCIÓN	PRAZO EXECUCIÓN / DURACIÓN	PREVISIÓN PRÓRROGA	CPV
CONTRATACIÓN	SERVIZO	Mantemento de zonas axardinadas	NON	1.378.000,00 €	2.277.685,95 €	Setembro 2025	2 anos	SI (2 anos)	77311000-3 Servizos de mantemento de xardíns e parques
DEPORTES	SERVIZO	Monitoraxe das escolas deportivas e socorrismo nas piscinas	NON	1.149.659,92 €	1.900.264,33 €	Setembro 2025	2 anos	SI (2 anos)	92600000-7 Servizos deportivos 92610000-0 Servizos de explotación de instalacións deportivas
DEPORTES	SERVIZO	Apertura e peche, limpeza xeral e pequenos traballos de mantemento en diferentes instalacións deportivas	SI	441.960,92 €	730.513,92 €	Agosto 2025	2 anos	SI (2 anos)	90910000-9 Servizos de limpeza 98341130-5 Servizos de conserxería 50700000-2 Servizos de reparación e mantemento de equipos de edificios
SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO	SERVIZO	Desenvolvemento da escola de música moderna	NON	90.678,25 €	149.881,40 €	Setembro 2025	2 anos	SI (2 anos)	800000000-4 Servizos de ensinanza e formación 98000000-3 Outros servizos comunitarios, sociais ou persoais
SERVIZOS EXTERNOS	OBRA	Instalación fotovoltaica no Pavillón Polideportivo da Gándara	NON	123.775,00 €	102.292,96 €	Agosto 2025	6 semanas	NON	09331200-0 Módulos solares fotovoltaicos 45300000-0 Traballos de instalación en edificios 45261215-4 Revestimento de cubertas con placas solares
ESTADÍSTICA	SUBMINISTRACIÓN	Subministro de 2.500 rótulos indicativos de numeración municipal	NON	25.000,00 €	20.661,16 €	Xullo 2025	3 meses	NON	34992000-7 Sinais, incluídas as luminosas 34992300-0 Placas indicadoras de rúas



CONCELLO DE NARÓN

FIRŠINT_AYT

XUÑO									
SERVIZO RESPONSABLE	TIPO DE CONTRATO	OBXECTO DO CONTRATO	LOTES	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	VALOR ESTIMADO	DATA ESTIMADA INICIO EXECUCIÓN	PRAZO EXECUCIÓN / DURACIÓN	PREVISIÓN PRÓRROGA	CPV
SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO	SERVIZO	Desenvolvemento de actividades dentro do programa municipal de ensino	NON	143.717,20 €	261.304,00 €	Setembro 2025	2 anos	SI (2 anos)	80000000-4 Servizos de ensinanza e formación 98000000-3 Outros servizos comunitarios, sociais ou persoais.
OBRAS E URBANISMO	OBRA	Obras ordinarias complementarias de dotación de firme e pavimentación nos viais 1, 2 e 6 do PS. do ámbito I da MP do SRAU do contorno do Río do Pozo	NON	183.240,81 €	151.438,68 €	Setembro 2025	2 meses	NON	45233200-1 Traballos diversos de pavimentación 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas 45233294-6 Instalacións de sinalización viaria
SERVIZOS DIXITAIS	SERVIZO	Xestión da aula CEMIT e impartición de accións formativas na zona rural	NON	151.200,00 €	124.958,68 €	Setembro 2025	4 anos	NON	80533100-0 Servizos de formación informática
OBRAS E URBANISMO	OBRA	Urbanización de rúa de nova apertura perpendicular a Rúa San Carlos	NON	105.368,59 €	87.081,48 €	Setembro 2025	2 meses	NON	45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas 45233262-3 Traballos de construción de zonas peonís 45233294-6 Instalacións de sinalización viaria
ESTADÍSTICA	SUBMINISTRACIÓN	Subministro e instalación de rótulos indicativos das vías das parroquias do Val e San Xiao	NON	35.000,00 €	28.925,62 €	Agosto 2025	6 meses	NON	34992000-7 Sinais, incluídas as luminosas 34992300-0 Placas indicadoras de rúas 34928470-3 Sinalización
ESTADÍSTICA	SUBMINISTRACIÓN	Subministro e instalación de placas e sinais de tipo direccional para identificación de vías	NON	20.000,00 €	16.528,93 €	Agosto 2025	4 anos	NON	34992000-7 Sinais, incluídas as luminosas 34992300-0 Placas indicadoras de rúas 34928470-3 Sinalización

XULLO									
SERVIZO RESPONSABLE	TIPO DE CONTRATO	OBXECTO DO CONTRATO	LOTES	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	VALOR ESTIMADO	DATA ESTIMADA INICIO EXECUCIÓN	PRAZO EXECUCIÓN / DURACIÓN	PREVISIÓN PRÓRROGA	CPV
CONTRATACIÓN	OBRA	Pacificación de varios entornos escolares	SI (3)	879.124,29 €	726.549,00 €	Outubro 2025	6 meses	NON	45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas 45233260-9 Traballos de construción de vías peonís
SERVIZOS EXTERNOS	SERVIZO	Mantemento de parques infantís e biosaudables	NON	190.080,00 €	314.181,82 €	Outubro 2025	2 anos	SI (2 anos)	50850000-8 Servizos de reparación e mantemento de mobiliario
SERVIZOS EXTERNOS	CONCESIÓN DEMANIAL	Uso privativo de diversos espazos públicos para a instalación e explotación dunha rede de recarga de vehículos eléctricos	NON	- €	84.000,00 €	Novembro 2025	14 anos	NON	31158000-8 Cargadores 51110000-6 Servizos de instalación de equipo eléctrico
SERVIZOS DIXITAIS	SERVIZO	Asistencia técnica para os traballos de implantación dun Sistema de Información Xeográfica	NON	80.000,00 €	66.115,70 €	Outubro 2025	4 anos	NON	72500000-0 Servizos informáticos 38221000-0 Sistemas de información xeográfica (SIX ou equivalentes)
POLICÍA LOCAL	SUBMINISTRACIÓN	Subministro de sinais verticais para as vías de titularidade municipal	NON	39.997,76 €	66.112,00 €	Outubro 2025	2 anos	SI (2 anos)	34928470-3 Sinalización
CONTRATACIÓN	SERVIZO	Dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde da Obra de Pacificación de varios entornos escolares	SI (2)	50.541,70 €	41.770,00 €	Outubro 2025	6 meses	NON	71247000-1 Supervisión do traballo de construción

AGOSTO									
SERVIZO RESPONSABLE	TIPO DE CONTRATO	OBXECTO DO CONTRATO	LOTES	PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN	VALOR ESTIMADO	DATA ESTIMADA INICIO EXECUCIÓN	PRAZO EXECUCIÓN / DURACIÓN	PREVISIÓN PRÓRROGA	CPV
PATRIMONIO - ORGANIZACIÓN E RRHH	SERVIZO	Séguros de responsabilidade civil, vida, accidentes, automóviles e defensa xurídica do Concello	SI (¿?)	¿?	¿?	Xaneiro 2026	4 anos	NON	66510000-8 Servizos de seguros
SERVIZOS EXTERNOS	SERVIZO	Iluminación exterior ornamental das rúas e prazas do Concello para o Nadal	NON	118.750,00 €	294.421,49 €	Novembro 2025	1 ano	SI (2 anos)	34991000-0 Luces para iluminación exterior 45316100-6 Instalación de equipo de alumeadado exterior
CONTRATACIÓN	OBRA	Acondicionamento do centro de maiores das vivendas da Mariña	NON	290.813,51 €	240.341,74 €	Novembro 2025	4 meses	NON	45212000-6 Traballos de construción de edificios relacionados co ocio, os deportes, a cultura e o aloxamento e restaurantes
CONTRATACIÓN	OBRA	Execución de beirarrúas en rúa Álvaro Paradela – Fase I	NON	235.551,33 €	194.670,52 €	Novembro 2025	4 meses	NON	45233262-3 Traballos de construción de zonas peonís 45233294-6 Instalación de sinalización viaria
POLICÍA LOCAL	SUBMINISTRACIÓN	Reposición de vestiario, calzado e complementos de uniformidade para a Policía Local	SI (3)	42.000,00 €	69.421,49 €	Outubro 2025	1 ano	SI (1 ano)	35811200-4 Uniformes de policía 35200000-6 Equipo para policía 35113000-9 Equipo de seguridade 18800000-7 Calzado 18830000-6 Calzado de protección
CONTRATACIÓN	OBRA	Reposición da carpintería exterior no Local Social de San Xiao	NON	52.813,62 €	43.647,62 €	Novembro 2025	2 meses	NON	45212000-6 Traballos de construción de edificios relacionados co ocio, os deportes, a cultura e o aloxamento e restaurantes

SETEMBRO									
SERVIZO RESPONSABLE	TIPO DE CONTRATO	OBXECTO DO CONTRATO	LOTES	PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN	VALOR ESTIMADO	DATA ESTIMADA INICIO EXECUCIÓN	PRAZO EXECUCIÓN / DURACIÓN	PREVISIÓN PRÓRROGA	CPV
CONTRATACIÓN	OBRA	Reposición de rodadura en camiños de Pedroso, Sedes, Castro e O Val	NON	362.166,35 €	299.311,03 €	Xaneiro 2026	4 meses	NON	45233223-8 Traballos de repavimentación de calzadas
SERVIZOS EXTERNOS	SERVIZO	Mantemento de alarmas, extintores e BIES	NON	140.000,00 €	231.404,94 €	Decembro 2025	2 anos	SI (2 anos)	50413200-5 Servizos de reparación e mantemento de instalacións contra incendios 50610000-4 Servizos de reparación e mantemento de equipos de seguridade
CONTRATACIÓN	OBRA	Ampliación da rede de saneamento en A Picota (O Couto)	NON	91.645,17 €	75.739,81 €	Decembro 2025	3 meses	NON	45232400-6 Obras de alcantarillado 45232410-9 Obras de saneamento
CONTRATACIÓN	OBRA	Mellora da accesibilidade na contorna da Praza do Concello	NON	76.877,04 €	63.534,74 €	Decembro 2025	3 meses	NON	45233262-3 Traballos de construción de zonas peonís 45233294-6 Instalación de sinalización viaria
SERVIZOS EXTERNOS	SUBMINISTRACIÓN	Subministración de baños automáticos para a Praza da Lectura	NON	48.000,00 €	39.669,42 €	Novembro 2025	2 meses	NON	44411000-4 Aparatos sanitarios



CONCELLO DE NARÓN

FIR5INT_AYT

OUTUBRO									
SERVIZO RESPONSABLE	TIPO DE CONTRATO	OBXECTO DO CONTRATO	LOTES	PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN	VALOR ESTIMADO	DATA ESTIMADA INICIO EXECUCIÓN	PRAZO EXECUCIÓN / DURACIÓN	PREVISIÓN PRÓRROGA	CPV
DISCIPLINA URBANÍSTICA, EXPROPIACIÓNS E MEDIO AMBIENTE	SERVIZO	Servizo de control de pragas no Concello de Narón	NON	89.735,58 €	154.062,68 €	Xaneiro 2026	2 anos	SI (2 anos)	90922000-6 Servizos de control de pragas
ALCALDÍA	CONCESIÓN DEMANIAL	Colocación e explotación de máquinas de vending en diversos espazos de titularidade municipal	NON	- €	¿?	Xaneiro 2026	4 anos	NON	42933000-5 Máquinas automáticas distribuidoras 15894500-6 Produtos para máquinas automáticas distribuidoras
SERVIZOS EXTERNOS	OBRA	Insonorización do Local Social de Altea	NON	67.000,00 €	55.371,90 €	Xaneiro 2026	6 meses	NON	44112600-4 Aislamiento acústico 45323000-7 Traballos de aislamiento acústico
SERVIZOS EXTERNOS	SERVIZO	Mantemento de CTS e grupos xeradores	NON	35.000,00 €	28.925,62 €	Xaneiro 2026	4 anos	NON	50532200-5 Servizos de reparación e mantemento de transformadores 50532300-6 Servizos de reparación e mantemento de xeradores

NOVEMBRO									
SERVIZO RESPONSABLE	TIPO DE CONTRATO	OBXECTO DO CONTRATO	LOTES	PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN	VALOR ESTIMADO	DATA ESTIMADA INICIO EXECUCIÓN	PRAZO EXECUCIÓN / DURACIÓN	PREVISIÓN PRÓRROGA	CPV
SERVIZOS DIXITAIS	SERVIZO	Mantemento do hardware e software estándar nas instalacións municipais	NON	183.040,00 €	151.272,73 €	Marzo 2026	4 anos	NON	50300000-8 Servizos de reparación, mantemento e servizos asociados relacionados con ordenadores persoais, equipos de oficina, telecomunicacións e equipos audiovisuais 50312300-8 Servizos de mantemento e reparación de equipos de redes de datos